

Compromiso coa sostibilidade

MÁIS DE 370 PRODUTORES DE EROSKI PARTICIPAN XA NO SEU “PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO A PROVEDORES LOCAIS”

- **O obxectivo do proxecto é acompañar na mellora das prácticas medioambientais, sociais e de goberno corporativo dos produtores agroalimentarios**
- **O programa, activo desde 2022, está implantado xa en País Vasco, Galicia, Navarra e Aragón**
- **EROSKI impulsa un tecido produtivo agroalimentario local altamente diversificado como elemento clave para a sostibilidade do sector**

Elorrio, 30 de abril do 2025.- [EROSKI](#) conta xa con 376 participantes no seu “Programa de Acompañamento a Provedores Locais”, unha iniciativa ao servizo dos seus pequenos produtores agroalimentarios que ten como obxectivo acompañalos na mellora do seu desempeño ambiental, social e de goberno corporativo (ASG). Con el, EROSKI facilítalles a súa adaptación ás novas obrigas normativas e ás esixencias crecentes dos consumidores en materia de sostibilidade.

O “Programa de Acompañamento a Provedores Locais” foi lanzado no País Vasco hai tres anos, en marzo do 2022 e continúa a súa extensión progresiva a outras rexións, como Galicia en 2023 e Navarra e Aragón en 2024. Do total de participantes, 101 son provedores locais do País Vasco, 179 de Galicia, 47 de Navarra e 49 de Aragón.

Os principais obxectivos que persegue son fortalecer o coñecemento e compromiso de EROSKI cos provedores locais e a súa contorna, proporcionarlles formación e apoio para a súa mellora continua cara sistemas de produción máis sostibles, ademais de acompañalos e guialos para obter unha maior calidade dos produtos, e lograr unha maior transparencia na cadea de valor.

“Desde EROSKI apostamos por unha colaboración estreita cos nosos provedores locais e convidámoslos a participar neste programa para traballar xuntos cara unha maior sostibilidade dos produtos que comercializamos, unha inquedaanza compartida polas persoas consumidoras actualmente. A Distribución somos unha peza clave na tracción e o apoio ao sector agroalimentario e tanto o impulso ás producións locais como a sostibilidade son eixos estratéxicos para nós”, explicou a directora Comercial de Produtos Locais de EROSKI, Asun Bastida.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Programa de Acompañamento en tres fases

EROSKI deseñou esta iniciativa con distintas fases que lle permiten, en primeiro lugar, coñecer en máis detalle o estado de situación dos seus provedores en aspectos ambientais, sociais e de gobernabilidade (ASG), e, despois, ofrecerlles contidos de valor para fortalecer os seus coñecementos e recursos para a optimización dos seus procesos e produtos. Para iso, EROSKI pon ao dispor dos seus provedores un cuestionario propio que aborda distintos aspectos da calidade do produto e da organización, concretamente: a calidade alimentaria, nutricional, comercial, ambiental e social, e a gobernabilidade.

A partir das respostas obtidas, elabora un informe personalizado para cada provedor coa súa valoración individual e comparativa co resto do sector, ademais das súas fortalezas, áreas de mellora e a súa contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Ademais, xera un informe sectorial para poder identificar as temáticas máis relevantes para a maioría das empresas e traballar en contidos formativos que as reforcen coa colaboración de axentes locais como clústeres alimentarios ou a administración.

Pacto Mundial

O ano pasado EROSKI comunicou a través do Programa máis de 80 iniciativas formativas sobre sostibilidade aos seus provedores. En 2025, EROSKI reforzou o seu apoio no desenvolvemento de accións de capacitación cos clústeres alimentarios das rexións onde o Programa está en marcha.

Ademais, EROSKI repite un ano máis a súa participación no “Programa de Capacitación: Provedores Sostibles” do Pacto Mundial, grazas ao cal en 2024 impartiron 1.000 horas de formación á súa cadea de valor en aspectos de dereitos humanos, medio ambiente e desenvolvemento sostible.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[**Sala de prensa online**](#)